

# La Región

## Reclaman obras de mellora no colexio do Irixo

X.A. Reboiro | 17 de Agosto de 2016



Manchas das humidades aparecidas no teito do comedor do colexio do Irixo.

Ademais, os socialistas tamén piden a reparacións necesarias para evitar as filtracións de auga e dos danos causados por estas e a humidade no interior do edificio.

As instalacións do colexio público do Irixo non presentan na actualidade as condicións idóneas para desenvolver actividades lectivas, según as demandas da oposición municipal e dos propios pais dos alumnos. Así, o grupo socialista na Corporación presentou unha moción na que solicita do Concello que leve a cabo a limpeza e mantemento dos canalóns de recollida de augas pluviais e do recinto exterior, xa que aseguran que iste último está cheo de maleza. Ademais, os socialistas tamén piden a reparacións necesarias para evitar as filtracións de auga e dos danos causados por estas e a humidade no interior do edificio.

Por contra, o alcalde, Manuel Penedo, asegura descoñecer esta situación, "xa que a asociación de pais só pediu a mellora do suministro eléctrico, a reparación dunha escada e o arranxo dunha porta de acceso". O rexedor popular engade que "confirmáronme da Consellería de Educación que van investir un total de 15.000 euros en arranxar os aseos e renovar a pintura interior".

Puede ver este artículo en la siguiente dirección <http://www.laregion.es/articulo/o-carballinho/reclaman-obras-mellora-no-colexio-do-irixo/20160817095432642416.html>

© 2016 La Región

# La Región

© La Región S.A.

Contenidos con licencia [Creative Commons](#)

opennemas |  POWERED BY  
OPENHOST